

# FÍSICA e QUÍMICA 1º BACHARELATO

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE QUIROGA  
CURSO: 1º BACHARELATO  
MATERIA: FÍSICA E QUÍMICA  
DEPARTAMENTO: FÍSICA E QUÍMICA  
DATA: 11-5-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da 3ª avaliación</b>		
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias</b>
B7.1. Identificar todas as forzas que actúan sobre un corpo.	FQB7.1.1. Representa todas as forzas que actúan sobre un corpo, obtendo a resultante e extraendo consecuencias sobre o seu estado de movemento.	CMCCT
B7.2. Resolver situacións desde un punto de vista dinámico que involucran planos inclinados e/ou poleas.	FQB7.2.2. Resolve supostos nos que aparezan forzas de rozamento en planos horizontais ou inclinados, aplicando as leis de Newton.	CMCCT
	FQB7.2.3. Relaciona o movemento de varios corpos unidos mediante cordas tensas e poleas coas forzas que actúan sobre cada corpo.	CMCCT
B7.4. Aplicar o principio de conservación do momento lineal a sistemas de dous corpos e predicir o movemento destes a partir das condicións iniciais.	FQB7.4.2. Explica o movemento de dous corpos en casos prácticos como colisións e sistemas de propulsión mediante o principio de conservación do momento lineal.	CMCCT
B7.5. Xustificar a necesidade de que existan forzas para que se produza un movemento circular.	FQB7.5.1. Aplica o concepto de forza centrípeta para resolver e interpretar casos de móbiles en curvas e en traxectorias circulares.	CMCCT
B8.1. Establecer a lei de conservación da enerxía mecánica e aplicala á resolución de casos prácticos.	FQB8.1.1. Aplica o principio de conservación da enerxía para resolver problemas mecánicos, determinando valores de velocidade e posición, así como de enerxía cinética e potencial.	CMCCT
	FQB8.1.2. Relaciona o traballo que realiza unha forza sobre un corpo coa variación da súa enerxía cinética, e determina algunha das magnitudes implicadas.	CMCCT
B8.2. Recoñecer sistemas conservativos como aqueles para os que é posible asociar unha enerxía potencial e representar a relación entre traballo e enerxía.	FQB8.2.1. Clasifica en conservativas e non conservativas, as forzas que interveñen nun suposto teórico xustificando as transformacións enerxéticas que se producen e a súa relación co traballo.	CMCCT

B8.3. Describir as transformacións enerxéticas que teñen lugar nun oscilador harmónico.	FQB8.3.1. Estima a enerxía almacenada nun resorte en función da elongación, coñecida a súa constante elástica.	CMCCT
B6.9. Interpretar o significado físico dos parámetros que describen o movemento harmónico simple (MHS) e asociao ao movemento dun corpo que oscile.	FQB6.9.2. Interpreta o significado físico dos parámetros que aparecen na ecuación do movemento harmónico simple.	CMCCT
	FQB6.9.3. Predí a posición dun oscilador harmónico simple coñecendo a amplitude, a frecuencia, o período e a fase inicial.	CMCCT
	FQB6.9.4. Obtén a posición, velocidade e aceleración nun movemento harmónico simple aplicando as ecuacións que o describen.	CMCCT
	FQB6.9.5. Analiza o comportamento da velocidade e da aceleración dun movemento harmónico simple en función da elongación.	CMCCT
B7.6. Contextualizar as leis de Kepler no estudo do movemento planetario.	FQB7.6.2. Describe o movemento orbital dos planetas do Sistema Solar aplicando as leis de Kepler e extrae conclusións acerca do período orbital destes.	CMCCT,CCEC
B7.7. Asociar o movemento orbital coa actuación de forzas centrais e a conservación do momento angular.	FQB7.7.2. Utiliza a lei fundamental da dinámica para explicar o movemento orbital de corpos como satélites, planetas e galaxias, relacionando o raio e a velocidade orbital coa masa do corpo central.	CMCCT
B7.8. Determinar e aplicar a lei de gravitación universal á estimación do peso dos corpos e á interacción entre corpos celestes, tendo en conta o seu carácter vectorial.	FQB7.8.1. Expresa a forza da atracción gravitatoria entre dous corpos calquera, coñecidas as variables das que depende, establecendo como inciden os cambios nestas sobre aquela.	CMCCT
	FQB7.8.2. Compara o valor da atracción gravitatoria da Terra sobre un corpo na súa superficie coa acción de corpos afastados sobre o mesmo corpo.	CMCCT

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos e instrumentos:  Recollida e corrección das tarefas propostas na aula virtual.  Observación diaria da consulta por parte do alumnado dos documentos e vídeos explicativos colgados na aula virtual.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Farase a media da cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación, con decimais, e sumaráselle ata un punto polo traballo realizado na terceira avaliación.  Para obter un número enteiro, aplicarase o método de redondeo matemático.  O alumnado que non tiña aprobada a 1ª avaliación, realizará actividades de recuperación dos contidos correspondentes, que subirán á aula virtual, e que valerán para recuperar as partes suspensas.  Se non se entregan estas actividades, se é posible, realizarase unha proba escrita presencial con preguntas referidas aos estándares nos que figura un grao mínimo de consecución do 100 % correspondentes á 1ª avaliación, e se non é posible realizarase unha proba telemática das mesmas características a través da plataforma webex ou da aula virtual.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>No mes de setembro realizarase unha proba escrita extraordinaria para o alumnado que non acadara os obxectivos da materia de forma ordinaria ao remate do curso. Nesta proba realizaranse preguntas referidas aos estándares nos que figura un grao mínimo de consecución do 100% correspondentes á primeira e á segunda avaliación.</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación:  Non procede. Non hai alumnado coa materia pendente.</p>
	<p>Criterios de cualificación:  Non procede. Non hai alumnado coa materia pendente.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:  Non procede. Non hai alumnado coa materia pendente.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Visualización de vídeos explicativos das partes teóricas da materia e de como resolver cuestións e problemas.</p> <p>Traballo con materiais impresos que o alumnado xa tiña ou que se atopan na aula virtual.</p> <p>Realización de tarefas propostas na aula virtual: resolución de cuestións e problemas relacionadas co tema tratado.</p> <p>Realización de videoconferencias co alumnado.</p> <p>Intercambio de información, consulta e resolución de dúbidas ou correccións, mediante WhatsApp, correo electrónico ou a través da aula virtual.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Todo alumnado da materia de física e química en 1º bacharelato ten conectividade.</p> <p>A diario, propónse na aula virtual unha tarefa consistente nun vídeo explicativo dunha parte teórica da materia ou de como resolver cuestións e problemas, e nuns exercicios relacionados que teñen que entregar a través da aula virtual, seguindo un esquema similar ao do traballo na aula. Devólvenselles corrixidos todos os días.</p> <p>O alumnado coa primeira avaliación suspensas realizará actividades de recuperación relacionadas cos estándares da 1ª, que se colgarán, entregarán e corrixirán a través da aula virtual ou do correo electrónico.</p> <p>Mantense un contacto constante co alumnado a través da aula virtual, o WhatsApp ou o correo electrónico para resolver dúbidas, realizar correccións e intentar que manteñan o interese pola materia.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Vídeos explicativos elaborados polo departamento.</p> <p>Aula virtual.</p> <p>Correo electrónico.</p> <p>WhatsApp</p> <p>Material impreso elaborado polo departamento.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Informarase ao alumnado e ás familias a través do correo electrónico, a aula virtual e a páxina web do centro.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do IES de Quiroga.